Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.2 - transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.5 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.6 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.	TI	20
CA2.8 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional, da comprensión e posta en valor da nosa memoria democrática e dos aspectos fundamentais que a conforman, da contribución dos homes e mulleres a esta, e a defensa dos nosos valores constitucionais.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA2.9 - Rexear actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.11 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza e adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.2 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.3 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.4 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e a solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.6 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Recoñecer as iniciativas da sociedade civil, reflectidas en asociacións e entidades sociais, adoptando actitudes de participación e transformación no ámbito local e comunitario, especialmente no ámbito das relacións interxeracionais.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade con nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal. - Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento. - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - Da Constitución de 1812 á fin da Restauración: orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España a través das fontes, e as súas consecuencias para Galicia. A lenta consecución de dereitos sociais en España e Galicia. - O proceso de transformación da España contemporánea nos seus aspectos políticos, económicos e sociais. Repercusións na Galicia contemporánea. - As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XIX e a súa implicación na sociedade moderna. - As relacións internacionais como consecuencia da Primeira Guerra Mundial: da Revolución Rusa á aparición dos totalitarismos (fascismo e nazismo). A economía de entreguerras como detonante político e social: o crack do 29. O caso español: da Segunda República á Ditadura de Franco. - A conquista dos dereitos individuais e colectivos no século XX. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais e democráticos en España e no mundo a través das fontes: A Segunda República española. - Relacións multicausais na construción da democracia e as orixes do totalitarismo: os movementos pola liberdade, a igualdade e os dereitos humanos. - Conflitos e violencias no período de entreguerras: orixe, desenvolvemento e consecuencias directas da Segunda Guerra Mundial. Estudo crítico e comparativo. O holocausto xudeu e as súas consecuencias na historia mundial. - Os fundamentos xeoestratéxicos desde a segunda metade do século XX ata a actualidade, a política de bloques, os conflitos da descolonización en Asia e África e a nova orde mundial. O papel dos organismos internacionais. - O proceso de construción europea. Integración económica, monetaria e cidadá. As institucións europeas. A extensión do estado do benestar en Europa. O futuro de Europa.

Contidos

- As transformacións científicas e tecnolóxicas dos séculos XX e XXI: a globalización e a era de Internet. Dimensión ética da ciencia e da tecnoloxía. Cambios culturais e novos movementos sociais: feminismo, ecoloxismo e pacifismo. Os medios de comunicación de masas e as redes sociais virtuais.
- A acción dos movementos feministas e sufraxistas na loita pola igualdade de xénero. Mulleres relevantes da historia contemporánea.
- A acción dos movementos sociais de cuarta xeración nun mundo globalizado. Procesos de evolución e involución: a perspectiva emancipadora da interpretación do pasado.
- A transición política e a configuración do estado democrático en España: a Constitución de 1978 e o Estatuto de autonomía de Galicia. O estado do benestar en España.
- A memoria democrática. Experiencias históricas dolorosas do pasado recente e recoñecemento e reparación das vítimas da violencia.
- Os fundamentos xeoestratéxicos desde a fin da Guerra Fría. O papel dos organismos internacionais na actualidade.
- expresións artísticas e culturais tras a Segunda Guerra Mundial: as segundas vangardas e as novas formas de expresión artística posmodernas no mundo actual. A arte actual en España e Galicia.
- Dignidade humana e dereitos universais. Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Cidadanía ética dixital. Novos comportamentos na sociedade da información.
- Servizo á comunidade. A corresponsabilidade nos cidadáns. As relacións interxeracionais. A responsabilidade colectiva e individual. O asociacionismo e o voluntariado. Contornas e redes sociais.
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia.
- Cohesión social e integración. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.
- A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.
- As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.
- Os valores do europeísmo. Fórmulas de participación en programas educativos europeos.
- Institucións do Estado que garanten a seguridade integral e a convivencia social. Os compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade e a cooperación internacional.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O noso desexo é fuxir da clase tradicional na que o profesor ou profesora explica e o alumnado asimila o transmitido sen facer ningunha análise crítica. Queremos un alumnado activo e, polo tanto, basearemos o noso método no sistema de reconstrución, é dicir, o alumnado elabora os contidos a partir de materiais de traballo (materiais proporcionados polo Departamento) nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesor ou profesora correspondente. A innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas e unidireccionais que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas, poñerse "en situación de" facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Faremos uso de material complementario de carácter audiovisual: presentacións, diapositivas, documentais, películas,.. Tamén empregaremos material procedente dos medios de comunicación (prensa, Internet), así como anuarios estatísticos e outras fontes. Ademais buscarase deseñar actividades que permitan reforzar destrezas propias da nosa materia (definición de conceptos, sinalar causas e consecuencias dun determinado feito, esquematizar ou resumir a información dun texto, facer e/ou interpretar de forma sinxela documentos históricos ou xeográficos (liñas de tempo, mapas históricos, mapas xeográficos, fotografías de distintas paisaxes, climogramas, ...).

Os coñecementos previos de Xeografía por parte do alumnado poden axudarnos a comprender os diferentes

problemas espaciais, por iso os empregaremos como ferramenta que nos permita facer ver as inxustizas sociais, as tremendas desigualdades existentes, así como a admirar e valorar as paisaxes, a entender as propostas de persoas alleas a eles, etc. Procuraremos levar á aula a preocupación polos problemas relacionados co medio ambiente, facendo partícipes a alumnos e alumnas desa preocupación. Buscaremos a maneira de que identifiquen a conexión entre a situación actual e a insolidariedade e o egoísmo do chamado primeiro mundo. Trataremos de facerlles ver a necesidade de cambiar de actitude para frear o perigo que corre o noso planeta.

Os procesos históricos a estudar pretenden que o alumnado acade un coñecemento do pasado máis entroncado co seu presente, así como que logre posuír unha visión xeral dos aspectos máis salientables da época actual. Farase un labor de construción por medio da utilización de materiais ou fontes sinxelas que procederán do material elaborado polo Departamento ou dos contidos do EVA que terán á súa disposición a través da plataforma E-Dixgal. Sempre intentará facerse referencia á realidade máis próxima ao alumnado, e se é posible tratarase de poñelo en contacto con esa realidade para dese xeito conseguir un achegamento á mesma e unha mellor comprensión do proceso histórico.

Un complemento ao traballo na aula virá dado pola posibilidade de que alumnos e alumnas presenten pequenos traballos de investigación, individual ou colectivamente (pequeno ou gran grupo). O obxectivo será que o alumnado puidera poñer en práctica técnicas e procedementos de investigación característicos das Ciencias Sociais. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos e unha maior interactuación entre o alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
APUNTAMENTOS DO DOCENTE
AULA VIRTUAL DO CENTRO
CADERNO OU PORTFOLIO DE TRABALLO DO ALUMNADO
ACTIVIDADES ESPECIFICAMENTE MARCADAS
MATERIAL TIC e DIXITAL
MATERIAL AUDIOVISUAL E VISUAL
XOGOS DE SIMULACIÓN
LITERATURA e HISTORIA.

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar. Utilizarase material elaborado polo profesor ou profesora e material complementario que se acomode á diversidade que se presente na aula. Así mesmo o profesor ou profesora pode dispor da plataforma E-Dixgal para programar e deseñar traballos e actividades avaliábeis (visualizar vídeos, realizar tarefas interactivas...) que poden realizarse e entregarse a través da plataforma, isto será ademais un medio idóneo para que o alumnado se comunique co profesorado, consulte dúbidas, obteña aclaracións, etc.

No curso de cuarto da ESO abórdanse temáticas que, en grande medida, están en boga como a globalización, o mundo laboral, as migracións, a democracia...etc, polo que o emprego da prensa resulta interesante para darlle ese enfoque práctico e de realidade á aprendizaxe.

Hoxe en día o manexo das TIC é necesario pois ofrece moitas vantaxes, pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do seu uso responsable. Malia que estamos nun momento moi tecnolóxico non se poden descartar os traballos de carácter manual, elaborados con material funxible, como os pósteres ou murais temáticos xa que é importante que o alumnado planifique, deseñe e constrúa co fin de que desenvolva as súas destrezas e a súa proactividade.

As novelas ou o cine que traten algún dos aspectos do currículo do curso de cuarto da ESO adoitan ser un material

atractivo para afondar e comprender os contidos. Estes poden ser traballados na súa totalidade ou parcialmente segundo a organización e dispoñibilidade temporal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A proba inicial ou diagnóstica realízase ao comezo do curso, e versará sobre contidos xa vistos en cursos precedentes que esteán en relación cos que se vaian a ver ao longo do curso de 4º da ESO. Non terá fin avaliativo sumativo, senón diagnóstico e formativo, para facernos ver o nivel do que parte o alumnado e, a finais de curso, valorar a súa progresión no proceso formativo propio.

Nos primeiros días de clase realizarase unha Avaliación Inicial destinada a valorar os coñecementos previos e os esquemas mentais do alumnado que pode constar dos seguintes apartados:

- Competencia lectora: actividades destinadas a comprobar a exactitude e a velocidade lectora de alumnas e alumnos e relacionadas coa comprensión de textos escritos.

- Conceptos e expresión escrita: cuestións sobre aspectos básicos de Xeografía ou Historia, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.

- Elaboración de sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., comentario guiado de gráficos, imaxes, mapas... que permitan coñecer se os alumnos e alumnas dominan os procedementos básicos da nosa área.

En cada unidade didáctica realizaremos tarefas ou actividades destinadas a discernir os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Tamén ofrecen información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo que realicen propostas didácticas para abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que os escolares teñen sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación, ben no momento da posta en común das resolucións da proba inicial ou ben durante a implementación da unidade didáctica mandándolles facer pescudas para que por si mesmos cheguen á conclusión exacta.

Nas reunións de Avaliación Inicial programadas no Centro, trataranse os casos dos alumnos/as aos que se lle detecten carencias básicas para tomar as medidas oportunas na Xunta avaliadora. Ademais, na parte que corresponde ao noso Departamento, os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas a cada alumno/a.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	10	18	16	17	15	18	100
Proba escrita	80	80	80	80	68	80	80	78
Táboa de indicadores	20	20	20	20	32	20	20	22

Criterios de cualificación:

A avaliación do curso establécese segundo uns instrumentos de avaliación que diferenzan probas escritas e táboa de indicadores, resultando que as probas escritas terán un valor do 80% e o as táboas de indicadores un 20%.

Probas escritas (puntuaranse nunha escala de 1 a 8 puntos):

- Sempre que o permita a dinámica e temporalización do curso realizaranse en cada Avaliación dúas probas escritas (1º e 2º Parcial). Ditas probas suporán o 80% da cualificación e poderán constar de preguntas de diverso formato: teóricas (definicións de conceptos, identificación de personaxes históricos, preguntas curtas, desenvolvemento de temas históricos...) e cuestións de tipo máis práctico (localización sobre un mapa de determinados espazos,

comentario guiado dun mapa, gráfico, texto histórico, imaxe,... elaboración de esquemas, cadros comparativos...). Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consonancia cuns criterios obxectivos que o/a docente ten previamente fixados.

Táboa de indicadores:

- En cada Avaliación valorarase cun 20% da nota o traballo realizado na casa (facer as actividades no prazo e forma establecidos), o traballo cotián na aula (realización e corrección das actividades, seguimento das explicacións, participación activa positiva...) e a posible realización de distintas actividades de investigación, individuais ou en grupo, que deberán ser entregadas seguindo as pautas e o prazo indicados pola docente. Para a corrección destes traballos poden empregarse rúbricas adaptadas a cada tarefa

Considérase aprobada a avaliación cando, elaborados os cálculos segundo a ponderación, a cualificación é igual ou superior a 5 puntos, de ser inferior, levarase a cabo o plan de recuperación.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [(Media Ex. * 80) + (Media T.I. * 20)] / 100]

A valoración obtida mediante o seguimento dos instrumentos anteriores permitirá coñecer a cualificación do alumno/a en cada trimestre do curso. A Avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa de 5 puntos ou superior. No caso de resultar unha Avaliación suspensa levarase a cabo un plan de recuperación.

- Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se aplicou ás unidades de cada Avaliación, polo tanto será o resultado de:

Nota final= [(Nota 1ª aval. x 34) + (Nota 2ª aval. x 33) + (Nota 3ª aval. x 33)] / 100.

Os alumnos e as alumnas que teñan unha nota media de 5 puntos ou superior terán superada a materia. Os alumnos e alumnas que non cheguen a esa nota media terán outra oportunidade para recuperala, tal e como se explica no apartado "Criterios de recuperación".

Criterios de recuperación:

- Os alumnos e alumnas que teñan unha avaliación suspensa deberán presentarse a unha proba de recuperación que repasará os contidos de dita Avaliación. Para preparar dita proba contarán con material de apoio e reforzo que lles facilitará o/a docente. Todo o traballo será guiado polo/a docente, quen estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover a recuperación de dita Avaliación.

- A nota da recuperación obterase calculando a media entre a nota inicial da avaliación e a nota da proba de recuperación.

Nota recuperación da avaliación non superada= [(Nota Recup.+Nota inicial da Aval.)] /2.

- Diseñaranse actividades de reforzo para os/as alumnos/as que teñan unha puntuación inferior a 5 na cualificación final do curso (media das tres avaliacións parciais). O alumnado implicado no proceso de recuperación poderá recuperar a materia se supera as actividades propostas polo/a docente (probos escritas, orais, interactivas, comentarios, cuestionarios...). Dita recuperación terá lugar antes da data establecida no Centro para a terceira avaliación e a sesión de avaliación final ordinaria.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o Departamento de Orientación, deseñaranse unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. Ao longo do curso e, segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse levar a cabo as medidas necesarias para o correcto desenvolvemento da atención á diversidade.

- Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo, por condicións persoais ou de historia escolar,... estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

De ser necesario, elaborarase a adaptación curricular do alumnado que a precise en colaboración co Departamento de Orientación; o noso Departamento levará a cabo as medidas recollidas nesa adaptación que lle correspondan.

Así mesmo, estableceranse as medidas oportunas para os alumnos/as con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH/TDA, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta

avaliación deste alumnado. De igual xeito, buscarase a localización máis idónea na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do/a profesor/a e, na medida do posible, ao lado de compañeiros/as que lle sirvan de referente de tranquilidade, de orde e axuda.

- Ao alumnado con altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades, pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

- Contémplase tamén un plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Ao longo do curso e, segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse levar a cabo as medidas necesarias para o correcto desenvolvemento da atención á diversidade.

O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Educación cívico-social	X		X			X	
ET.2 - Educación ambiental.			X				
ET.3 - Educación para a igualdade.	X	X	X			X	
ET.4 - Emprendemento.			X			X	
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.			X				
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X		X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor			X			X	

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que empregar diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

A materia de Xeografía e Historia pode ter un importante papel no traballo día a día dos temas transversais cos alumnos/as, temas como a Educación cívico-social, Educación para a Paz, Educación Ambiental e a Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos, en definitiva os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) que definen o mundo ao que aspiramos... son traballados na aula a través da visión dos conflitos bélicos, revolucións, acordos internacionais, Constitucións, os temas de ecoloxía, mundo agrario, industrialización, o subdesenvolvemento e as relacións Norte-Sur, discriminación (sexismo, racismo, xenofobia, LGTBIfobia...), a valoración do patrimonio cultural... Pretendemos así que o noso alumnado teña unha visión real sobre os problemas da relación do home co seu medio natural e sobre as complexas relacións sociais, que deben estar marcadas polos valores éticos da tolerancia, a igualdade, a liberdade, a xustiza, a solidariedade e a sostibilidade.

Como tema transversal inclúese a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos. Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirá de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias TIC do alumnado.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	Complementaria	X	X	X
Asistencia a conferencias ou ponencias científico-culturais.	Complementaria	X	X	X
Viaxes científico-culturais de interese didáctico	Complementaria		X	X
Roteiros didácticos	Complementaria		X	X
Proxección de cine de interese pedagóxico	Complementaria	X	X	X

Observacións:

O Departamento acóllese á posibilidade de realizar algunha actividade programada polo Concello de Narón que se axuste ao temario da materia, para coñecer, por exemplo, o patrimonio etnográfico, cultural ou medioambiental do Concello.

Entendemos que todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado, así como a saír da rutina. Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real. A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Demostra coñecemento da materia
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Ofrece oportunidades de recuperación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Os obxectivos didácticos están ben formulados.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
A temporalización foi adecuada.
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Os criterios de cualificación foron axustados.
Metodoloxía empregada
Planifica leccións, ensina e avalía
Motiva ao alumnado
Explica con claridade
Resolve dúbidas
É innovador/a
As actividades foron variadas e motivadoras.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprega variedade de recursos
Revisa a realización das tarefas propostas
Medidas de atención á diversidade
Valora o esforzo
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado.

Descrición:

Cada trimestre os membros do Departamento reflexionarán sobre a avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente.

Os criterios de análise e os indicadores de logro utilizados versarán sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación), o desenvolvemento da mesma (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e a avaliación (avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación...).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará o seguimento da Programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de Avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc... todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita Programación resulte máis real, aplicable e operativa.

A Programación avaliarase a través do documento "Avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente" que todos os membros do Departamento cobren e que é obxecto de reflexión nas reunións de Departamento posteriores e nas CCP. Nel establécense os criterios de análise e os indicadores de logro.

Os criterios utilizados polos Departamentos Didácticos do IES As Telleiras para avaliar a Programación son os seguintes:

1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de Avaliación ás características e necesidades do alumnado.
2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de Avaliación ás características e necesidades do alumnado. Os indicadores de logro para estes aspectos fan referencia ao éxito académico acadado polo alumnado (porcentaxe de aprobados). Establécese na ESO un mínimo do 75%. Cando se considere que a Programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas e a buscar solucións para ter en conta na elaboración da Programación do curso seguinte.

3.- O grao de desenvolvemento da Programación Didáctica. Se o grao de desenvolvemento da Programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

Toda esta información será valorada polos membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da Programación (masificación das aulas, clima da aula, aproveitamento dos recursos, dificultades engadidas para atender á diversidade, perda de sesións de clase, etc.). Con todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do Departamento.

Finalmente, na memoria final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fose necesario poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a Programación á temporalidade e á realidade.

9. Outros apartados